



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 51)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e trinta minutos do día **trinta de decembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Sra. Deputada dona Mónica Freire Rancaño e o Sr. Deputado don Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de decembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSOS PRODUTOS DE USO AGRÍCOLA E GANDEIRO PARA A GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de diversos produtos de uso agrícola e gandeiro para a Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FGAH5HAB37P6PYLYRGRSAAQ.

Prego de prescricións técnicas, Lote 1 con CSV: IV7CU3QZPI77ZO67UIIDEURFKU e Lote 2 con CSV: IV7CU3QZFEZ635G57QNCM4PEMQ.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CU3QLNNHT5HHJSFPSIQ2FOY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CUI5NBEZXLE5SMFSGATHAM.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CUIBIZ3Z37OHJ2E65ELTEHY.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7H5QDCJEX2L5OZ475DIUQ6EU.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de diversos produtos de uso agrícola e gandeiro para a Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo, 2021/CON_02/000085.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como o criterio de adxudicación que se recolle para a selección da mellor oferta, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con un único criterio de adxudicación), de acordo co establecido no artigo 145.3.f) da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 233.381,25 € ao que se aplicará un IVE do 10% por importe de 23.338,13 €, o que fai un total de 256.719,38 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. Os orzamentos base de licitación da presente contratación de cada un dos lotes, son:

	ANUALIDADE 2022			ANUALIDADE 2023		
	IMPORTE NETO	IVE	TOTAL	IMPORTE NETO	IVE	TOTAL
LOTE 1	54.191,04	5.419,11	59.610,15	10.838,21	1.083,82	11.922,03
LOTE 2	35.073,34	3.507,33	38.580,67	133.278,66	13.327,87	146.606,53

O importe total do contrato ascende a 256.719,38 euros, IVE incluído, e finánciase de acordo as seguintes anualidades:

	ANUALIDADE 2022					ANUALIDADE 2023					
	IMPORTE	IVE	SUMA	APLICACIÓN	A	IMPORTE	IVE	SUMA	APLICACIÓN	A	TOTAL
Lote 1	54.191,04	5.419,11	59.610,15	4120.22199	920219/500	10.838,21	1.083,82	11.922,03	4120,22199	920219/502	71.532,18
Lote 2	35.073,34	3.507,33	38.580,67	4120.22113	920219/501	133.278,66	13.327,87	146.606,53	4120,22113	920219/503	185.187,20
			98.190,82					158.528,56			256.719,38
LOTE 1 INICIO: 01/03/22											
LOTE 2 INICIO: 15/10/22											

O presente contrato de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2022 e 2023, para a anualidade 2022 figura crédito dispoñible adecuado e suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno, e para a anualidade 2023 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023, as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

Pola Secretaria indícase que o procedemento está suxeito a recurso especial en materia de contratación.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ALFALFA PARA A GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de decembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FYHADGF6DVDWMUX6AKXRAKI.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FYHHYBNB5ZD5DQUAC4LTEAY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7FZUPYN47T5WJD5RI4KASPMU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: V7F22P3PE76YRB5CVVW45LT44.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7F22YTBU75QXBLQBXXE5SWCI.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7F26Q2DUOYJ7NOBRACEARA4M.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7F2LJDNFXIRNGSYYHTOI2POY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 26 de novembro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FEX7KYBV7IXH4C5NSB4CWO4.

Acta da Mesa de Contratación do día 22 de decembro de 2021, con CSV: IV7CU3S5BT7OVGR7W3WWCD7FCE que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da subministración de alfalfa para a Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo.

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente. (Sobre electrónico único).

Segundo.- Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automáticamente.

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente (Sobre electrónico único).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
ALMACENES AVELINO, S.L.
SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.

Tendo en conta que os licitadores presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura do sobre electrónico único e exame do anexo I, acreditación dos requisitos previos, resultando:

O licitador Almacenes Avelino, S.L. presenta a declaración responsable denominada anexo I, requirida no PCAP, debidamente cuberta.

O licitador Severiano Agrocomercial, S.L. presenta a declaración responsable denominada Anexo I, requirida no PCAP, debidamente cuberta.



A continuación procédese ao exame do anexo III, relativo aos criterios de adjudicación avaliables mediante fórmulas matemáticas ou avaliables de forma automática, recollidos no PCAP, resultando o que se indica a continuación.

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA €/TONELADA (IVE NON INCLÚIDO)
ALMACENES AVELINO, S.L.	218,50 €
SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.	230,00 €

Segundo.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

A Mesa acorda, por unanimidade, publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público as puntuacións totais e adoptar os seguintes acordos:

1.- Clasificar ás licitadoras admitidas atendendo a orde de prelación segundo a oferta máis baixa:

LICITADORES	OFERTA
ALMACENES AVELINO, S.L.	218,50 €/tn
SEVERIANO AGROCOMERCIAL, S.L.	230,00 €/tn

2.- Non requirir á empresa Almacenes Avelino, S.L. a documentación adicional de conformidade co artigo 159.4 da LCSP posto que xa consta en poder da administración.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Posto que consta a documentación da cláusula 17.1 do PCAP no expediente (2021/CON_02/000039) se faculta ó Servizo de Contratación para a incorporación dos certificados vixentes relativos o cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, ou requirir no seu caso a súa emenda.

Realizados os tramites referidos no punto anterior, adjudicar á empresa Almacenes Avelino, S.L., con CIF: B27366756, a contratación da subministración de alfalfa para a Granxa

Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo por importe máximo de 6.325,00 euros (IVE engadido correspondendo a partida do IVE a 575,00 €) comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un prezo por tonelada de 218,50 € respecto o prezo recollido no PPT.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Almacenes Avelino, S.L., con CIF: B27366756, a contratación da subministración de alfalfa para a Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo por importe máximo de 6.325,00 euros (IVE engadido correspondendo a partida do IVE a 575,00 €) comprometéndose a executar nos prazos e condicións previstos nos pregos o obxecto do contrato, ofertando un prezo por tonelada de 218,50 € máis IVE, financiándose de acordo o seguinte detalle:

APLICACIÓN	IMPORTE	IVE 10%	TOTAL	RC
4120.22113	5.750,00 €	575,00 €	6.325,00 €	220219/711

O gasto financiarase con cargo o orzamento do ano 2022, informando que figura crédito dispoñible adecuado e suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 2021.

2º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE OBRA PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES- APARTAMENTOS TUTELADOS E CENTRO DE DÍA EN PORTOMARÍN.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Pola Xunta de Goberno en reunión celebrada con data 25 de setembro de 2020, acordouse adxudicarlle a execución da obra Portomarín.- Construción Centro de Atención a Persoas Maiores- Apartamentos Tutelados e Centro de Día”, á empresa Coto Estudio y Construcciones, S.L.

Ós efectos da presente incidencia, resultan fundamentais os seguintes documentos nos que se expresan os antecedentes inmediatos da mesma:

O escrito da contratista Coto Estudio y Construcciones, S.L. adxudicataria da obra Portomarín.- Construción Centro de Atención a Persoas Maiores-Apartamentos Tutelados e Centro de Día”, de data 15 de novembro de 2021 no que en síntese solicita:

O Restablecemento do equilibrio económico mediante reclamación dunha indemnización por importe de 413.613,09 €, máis a cantidade que resulte desde agosto de 2021.

Que para caso de non estimarse dita solicitude se proceda a valorar a resolución contractual sen culpa do contratista.

Que subsisten as circunstancias alegadas na comprobación do replanteo como impeditivas para o inicio das obras.

O informe da técnica da UPD con CSV IV7FE7BYFQJ7LWMTSRIHF4YWL4 no que sinala:

“Que respecto da solicitude subsidiaria que afecta á posible extinción do contrato, compre sinalar que dende a data da adxudicación e ata hoxe, teñen mudado as circunstancias que afectan ó contrato en tal medida que se considera a resolución por mutuo acordo como un mecanismo apropiado para solventar a problemática plantexada polo contratista, se así o estima oportuno ó órgano de contratación.

A extinción por esta causa non impediría resolver o resto de cuestións prantexadas polo contratista a modo de reservas á comprobación do reformulo durante a tramitación dun novo expediente para a execución das obras.

A data de hoxe, dado que non se teñen iniciado as obras, non consta que se realizasen actividades que xeren obrigas en contra da administración, nin que requiran operacións de liquidación.”

O informe do servizo de benestar con CSV IV7FEYIOMFB7ZK6LBUXCOPSGEQ referido a obtención das autorizacións sectoriais do referido CAM.

Foi emitido informe xurídico polo servizo de contratación co conforme da secretaría e a intervención provincial, con csv IV7FGWYPPFGO5K4627WH6JIA6Q do seguinte teor literal:

“Visto o escrito presentado pola mercantil Coto Estudio y Construcciones, S.L. adxudicataria da obra Portomarín.- Construción Centro de Atención a Persoas Maiores- Apartamentos Tutelados e Centro de Día”, de data 15 de novembro de 2021 no que en síntese solicita:

O Restablecemento do equilibrio económico mediante reclamación dunha indemnización por importe de 413.613,09 €, máis a cantidade que resulte desde agosto de 2021.

Que para caso de non estimarse dita solicitude se proceda a valorar a resolución contractual sen culpa do contratista.

Que subsisten as circunstancias alegadas na comprobación do replanteo como impeditivas para o inicio das obras.

Consta informe da técnica da UPD con CSV IV7FE7BYFQJ7LWMTSRIHF4YWL4 no que sinala:

“Esta técnico ten a ben informar que na documentación do contrato e pregos non se establece un mecanismo para reequilibrio contractual nos termos da solicitude.

Que respecto da solicitude subsidiaria que afecta á posible extinción do contrato, compre sinalar que dende a data da adxudicación e ata hoxe, teñen mudado as circunstancias que afectan ó contrato en tal medida que se considera a resolución por mutuo acordo como un mecanismo apropiado para solventar a problemática plantexada polo contratista, se así o estima oportuno ó órgano de contratación.

A extinción por esta causa non impediría resolver o resto de cuestións prantexadas polo contratista a modo de reservas á comprobación do reformulo durante a tramitación dun novo expediente para a execución das obras.

A data de hoxe, dado que non se teñen iniciado as obras, non consta que se realizen actividades que xeren obrigas en contra da administración, nin que requiran operacións de liquidación.”

Consta informe do servizo de benestar con CSV IV7FEYIOMFB7ZK6LBUXCOPSGEQ no que sinala:

“Primeiro.- No mes de decembro de 2020 a Deputación de Lugo achegou a documentación necesaria para obter a autorización sectorial para a creación/construción regulada no decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, para a construción do centro de atención a persoas maiores de Portomarín composto por un centro de día e apartamentos tutelados.

Segundo.- Mediante resolución da secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social autorizouse á Deputación de Lugo: “ (...) á creación/construción do centro de servizos sociais Centro de Día para Persoas Maiores de Portomarín situado en rua Lugo-Canella do Concello, Concello de Portomarín (Lugo), que se iniciou a instancia da entidade Deputación Provincial de Lugo, cun total de 17 prazas, sen prexuízo do que se determine no procedemento de autorización de inicio de actividades con ocasión do que se derive da inspección ocular. (...)

Terceiro.- O 11.02.2021 a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, solicitou á Deputación de Lugo actualizar os documentos achegados por esta entidade na anualidade 2020, á anualidade 2021, xa que o expediente relativo á emisión do informe sobre a sostibilidade financeira da construción e posta en funcionamento dun centro de atención a persoas maiores no Concello de Portomarín, non se puido rematar por carecer dos informes preceptivos do citado Concello, o cal presentou un informe non válido nin concordante co informe da Intervención da Deputación de Lugo.

Así a citada Dirección solicitou actualizar os datos achegados no ano 2020 pola Deputación de Lugo, salientando no escrito o seguinte: “(...) Por outra parte, tendo en conta que tanto a construción do centro coma a prestación do servizo se financian conxuntamente entre a Deputación e o Concello de Portomarín, non se poderá emitir o informe solicitado en tanto non dispoñamos, á súa vez, do informe da Intervención do concello sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira das aportacións que lle corresponden”(…).

Cuarto.- O 05.07.2021 a secretaria xeral técnica da Consellería de Política social ditou a seguinte resolución: “(...) Autorizar a creación/construción do centro de servizos sociais Apartamentos Tutelados Portomarín situado en calle Lugo-canella do Concello, Concello de Portomarín, que se iniciou a instancia da entidade Deputación Provincial de Lugo, cun total de 26 prazas distribuídas en 13 apartamentos dobres, sen prexuízo do que se determine no procedemento de autorización de inicio de actividades con ocasión do que se derive da inspección ocular. (...)”.

Vistos os antecedentes e o contido do escrito de 15 de novembro de 2021 remitido polo adxudicatario da obra, compre sinalar compartindo o criterio manifestado pola técnica da UPD que o mecanismo da indemnización non atopa respaldo entre os mecanismos previstos no prego:

Non se acomoda ós parámetros da revisión de prezos no seo da execución do contrato.



Non se pode calificar como reequilibrio ó resultar esta técnica dentro das previstas para as concesións, asimesmo ó non xurdir no seo da execución do contrato, podendo ser coñecida e alegada esta circunstancia por quen asinando o contrato neste exercicio, non tiña a obriga de soste-la a súa oferta tendo pleno coñecemento do proxecto ó que tiña licitado.

Non se trata dun modificado, ó non referirse ós supostos do artigo 204 e 205 da LCSP.

Non encaixa nunha indemnización en termos xerais ó non terse verificado dano efectivo, debendo rexerse as relacións contractuais polo principio de boa fe, e que sendo coñecidas para o licitador as circunstancias que agora se invocan, co incremento do custe de execución representaría unha variación esencial do orzamento que puidera motivar a necesidade de someter novamente a licitación a obra por alterar as condicións primitivas do contrato nunha cuantía relevante, próxima ó 30 % respecto do total (1.430.000,00 €) segundo se desprende da solicitude do contratista.

No que se refire a posibilidade da resolución por mutuo acordo compre informar:

A Resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, entre as causas previstas están aquelas que se poñen de manifesto no expediente “c) o mutuo acordo entre a Administración e o contratista.”

A resolución por mutuo acordo só pode ter lugar cando non concorran outras causas de resolución do contrato que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato, a verificación de ditos extremos se deriva do informe técnico obrante no expediente.

Estima este informante que non estamos ante o suposto de imposibilidade de execución salvable mediante a modificación, polos motivos expostos que derivan en resumo do transcurso do tempo dende a redacción do documento técnico.

A Lexislación aplicable é a seguinte:

Os artigos 211 a 213, 245 e 246 de la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, LCSP.

Os artigos 109 a 113 do RCAP 1098/2001, de 12 de outubro.

O artigo 114 do TRRL, aprobado por RDL 781/1986, de 18 de abril.

Procedemento xeral.

O procedemento para a resolución dos contratos regúlase, en xeral, no artigo 109 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, que establece o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio. (requisito que se estima cumprimentado ó terse indicado a opción de acudir á extinción do contrato nestes termos polo propio contratista e de xeito subsidiario).

b) Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador si se propón a incautación da garantía. (ó plantexarse en termos de mutuo acordo, e polas causas expresadas, non se plantexa a incautación da mesma).

c) Informe do Servizo Xurídico, (trámite que se está a cumprimentar mediante a emisión do presente).

d) Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando se formule oposición por parte do contratista. (non resulta preceptivo ó plantexarse un mutuo acordo a instancia -mediante outrosí subsidiario- do propio contratista).

Todos os trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos consideraranse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

De conformidade co artigo 212.8 da LCSP os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses.



Visto o anterior, non restaría por cumprimentar trámite algún respecto da resolución considerada en termos xerais, e baixo a consideración de que dita posibilidade é suscitada polo propio contratista.

Trámites específicos na resolución do contrato de obras e órgano competente.

Vista a solicitude do contratista, polos servizos técnicos, e o servizo de benestar, emitíuse informe sobre a mesma.

Iniciado o expediente por invocación da súa posibilidade por parte do contratista, e previo o informe xurídico e no seu caso da intervención, procede pronunciamento do órgano de contratación en aras de resolver o contrato de obras.

No caso que nos ocupa o presente informe será sometido ó conforme das ditas habilidades nacionais, ós efectos da emisión preceptiva do informe en exercicio de funcións reservadas.

A Xunta de Goberno actuará como órgano de contratación competente para a resolución do contrato segundo o artigo 59.b 12 do ROP, resolverá o procedemento; debendo notificarse ós interesados dito acordo con comunicación dos recursos correspondentes.

A citada resolución, a tenor do establecido no artigo 213.5 de la LCSP, conterà pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, houbera sido constituída, sen que consten motivos no expediente que impidan a súa devolución.

En fase posterior, como efecto da resolución, produciríase a liquidación das obrigas económicas derivadas citando ó contratista no acto de resolución, para a medición das obras de conformidade co disposto no artigo 246 da LCSP, tramite que a teor do informado e segundo se deriva do propio escrito do contratista non sería preciso ó non terse iniciado as obras.

En canto ós efectos da resolución.

Conforme o artigo 246 de la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como consecuencia da resolución do contrato procederase a comprobación, medición e liquidación das obras realizadas con arranxo ao proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista.

Neste caso, e no que se refire ós efectos do mutuo acordo, considerando que non se iniciaron as obras e vistos os antecedentes e lexislación aplicable, a resolución implicaría a extinción do contrato coa devolución do aval na medida que non consta no expediente motivo para a súa retención.

Conclusión.

Visto o anterior considerando os aspectos procedimentais e competenciais respecto da resolución por mutuo acordo, así como os aspectos técnicos no informe emitido pola UPD, informase de xeito favorable a resolución nos termos do presente.”

Vistos os antecedentes e informes sinalados, propoño á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude de indemnización e reequilibrio contractual por importe de 413.613,09 € (IVA excluído), realizada por Coto Estudio y Construcciones, S.L polos motivos expresados nos informes dos antecedentes.

2º.- Resolver por mutuo acordo o contrato administrativo da obra Portomarín.- Construción Centro de Atención a Persoas Maiores-Apartamentos Tutelados e Centro de Día”.

3º.- Proceder á devolución da garantía definitiva depositada por Coto Estudio y Construcciones, S.L., como contratista da referida obra por importe de 65.000 € que consta depositada con rexistro de 06/08/2020 en documento con número de operación 320200009052.

4º.- Notificar o acordo a Coto Estudio y Construcciones, S.L., así como ó Concello de Portomarín.



5º.- Dar traslado do presente ó servizo de contratación, á dirección facultativa, e a Intervención Provincial.”

Pola Presidencia faise constar que o mutuo acordo prodúcese a pedimento da empresa adxudicataria.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: ANTAS DE ULLA.- Construción do parque central de Galicia en Nugallás.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: ANTAS DE ULLA.- Construción do parque central de Galicia en Nugallás, consta no mesmo:

Proxecto da obra ANTAS DE ULLA.- Construción do parque central de Galicia en Nugallás, con CSV: IV7CUKDZBNPM7OPICFHBGHQP4E.

Informe de Supervisión, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos en data 20/12/2021, con CSV: IV7CU3P32A5ILDX56VHFGLTWOE.

Informe relativo á urxencia na tramitación do expediente de contratación, con CSV: IV7CUG74DAFJZ3NLQMAGMPYPI4.

Informe de viabilidade urbanística.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CUKA5N4ZYT7ESYBOX6X2QOQ.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7CUG72PBNLJRE73QGNCMIQIY.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7CUG73ZY5Z7FH5CIFXG4TFLY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CUKCOJQV2TKXJWQAC6B2DC4.

Informe- proposta do Servizo de Medio Ambiente relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CUPQNH4PJ32HISBNEPYBCAA.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CUPQ7BQ6TXXWK67XFMR3VAM.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Apreciar a urxencia e declarar a mesma, e conseguintemente seguir a tramitación do procedemento de contratación para a obra de ANTAS DE ULLA.- Construción do parque central de Galicia en Nugallás, segundo o disposto no artigo 119 LCSP, constando motivada a urxencia en informe emitido pola Unidade Xestora.

2º.- Aprobar o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: ANTAS DE ULLA.- Construción do parque central de Galicia en Nugallás, aos efectos da licitación, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos



artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

4º.- Aprobar o gasto, por importe de 1.398.577,27 €, dos cales 242.728,29 € corresponden ao IVE (21%), conforme ás seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	TOTAL
2021	1720.622	507.587,60€
2022		890.989,67€
TOTAL		1.398.577,27€

O gasto financiarase con cargo ás anualidades 2021 e 2022. Para a anualidade 2022 (890.989,67 €) está previsto crédito no Proxecto de Orzamentos aprobado definitivamente polo Pleno de 28/12/2021, polo importe de 847.173,46 €, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de tramitar a correspondente modificación de crédito polo importe de 43.816,21 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2021.

Escrito do Concello de Chantada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 72-73-79 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Chantada, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (72-73-79) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”



O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 01/10/2021 foi modificado o investimento nº 79, incluído polo Concello de Chantada no Plan Único 2021.

O Concello de Chantada presentou anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
CHANTADA	72	PAVIMENTACIÓN DO VIAL PENASILLÁS A XILLÁN DE ARRIBA	1531.76201	11.673,98€
	73	PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE COMEZO A FONTELA	1531.76201	15.576,74€
	79	PAVIMENTACIÓN VIAL LAGOA-BRANDIAN	1531.76201	6.307,11€

Por escrito de data 09/12/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
CHANTADA	REM	PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE ACCESO AS CÓRNEAS	1531.76201	--	33.557,83€	33.557,83€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Chantada, no Plan Único 2021.

Este informe substitúe a calquera outro emitido para o mesmo asunto”.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Chantada e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
CHANTADA	REM	PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE ACCESO AS CÔRNEAS	1531.76201	--	33.557,83€	33.557,83€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria para: Proxecto constructivo de pasarela metálica provisional para Ponte Ribeira no río Sarria, incluído honorarios e estudo hidrolóxico de capacidade de desaugüe da Ponte Ribeira e acondicionamento do entorno da Ponte Ribeira.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Proxecto constructivo de pasarela metálica provisional para Ponte Ribeira no río Sarria, incluído honorarios e estudo hidrolóxico de capacidade de desaugüe da Ponte Ribeira e acondicionamento do entorno da Ponte Ribeira, que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 09/10/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Proxecto constructivo de pasarela metálica provisional para Ponte Ribeira no río Sarria, incluído honorarios e estudo hidrolóxico de capacidade de desaugüe da Ponte Ribeira e acondicionamento do entorno da Ponte Ribeira.

Segundo.- En data 13/10/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria no que entre outros se recollía na cláusula primeira:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
PROXECTO CONSTRUCTIVO DE PASARELA METÁLICA PROVISIONAL PARA PONTE RIBEIRA NO RÍO SARRIA, INCLUÍDO HONORARIOS E ESTUDO HIDROLÓXICO DE CAPACIDADE DE DESAUGÜE DA PONTE RIBEIRA	Anualidade 2020: 131.945,48€	Anualidade 2021: 8.470,00€
ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DA PONTE RIBEIRA	Anualidade 2021: 18.054,52€	
	150.000,00€	8.470,00€
TOTAL	158.470,00€	

E na cláusula terceira:

“(…)

d) Executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2021.

(...)”

Terceiro.- Consta no expediente tramitación de solicitude e concesión de anticipo ao Concello de Sarria, relativo á anualidade de 2020, por importe de 65.972,74€.

Cuarto.- Don Claudio M. Garrido Martínez, Alcalde do Concello de Sarria achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 14/12/2021, a través do que manifesta “... que se recibiu documento que ven a desbloquear de maneira definitiva a paralización das obras imposta pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e nos permite executar ademais a totalidade das actuacións conveniadas segundo o proxecto aprobado e adxudicado”, polo que solicita unha modificación do convenio asinado, ampliando os prazos de execución e xustificación.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público



vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran

recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos,



definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Sarria é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “ a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción

da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

Ademais é de ter en conta o establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que sinala no seu artigo 7 as competencias das entidades locais, entre elas “d) a ordenación da execución das obras necesarias para conservar e manter o chan e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios...”. Así mesmo, o artigo 8, sobre a cooperación administrativa, sinala “as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si, e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, aportando medios materiais, económicos e humanos á súa disposición...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de Sarria, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións



polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público- público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2020.

O Concello de Sarria será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa

con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2021, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.



Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que se amplie o prazo de execución e xustificación do convenio, quedando establecidos no 30/10/2022 e 15/11/2022 respectivamente e se modifique as anualidades da inversión, quedando coa financiación sinalada:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
PROXECTO CONSTRUCTIVO DE PASARELA METÁLICA PROVISIONAL PARA PONTE RIBEIRA NO RÍO SARRIA, INCLUÍDO HONORARIOS E ESTUDO HIDROLÓXICO DE CAPACIDADE DE DESAUGÜE DA PONTE RIBEIRA	Anualidade 2020: 65.972,74€ Anualidade 2021: 65.972,74€	Anualidade 2021: 8.470,00€
ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DA PONTE RIBEIRA	Anualidade 2021: 18.054,52€	
	150.000,00€	8.470,00€
TOTAL	158.470,00€	

Décimo segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Conclusión.

Así pois a proposta de addenda de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.”

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación da addenda de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a addenda de modificación segunda do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Proxecto constructivo de pasarela metálica provisional para Ponte Ribeira no río sarria, incluído honorarios e estudo hidrolóxico de capacidade de desaugüe da Ponte Ribeira e acondicionamento do entorno da Ponte Ribeira, de tal xeito que se amplie o prazo de execución e xustificación do convenio, quedando establecidos no 30/10/2022 e

15/11/2022 respectivamente e se modifique as anualidades da inversión, quedando coa financiación sinalada:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
PROXECTO CONSTRUCTIVO DE PASARELA METÁLICA PROVISIONAL PARA PONTE RIBEIRA NO RÍO SARRIA, INCLUÍDO HONORARIOS E ESTUDO HIDROLÓXICO DE CAPACIDADE DE DESAUGÜE DA PONTE RIBEIRA	Anualidade 2020: 65.972,74€ Anualidade 2021: 65.972,74€	Anualidade 2021: 8.470,00€
ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DA PONTE RIBEIRA	Anualidade 2021: 18.054,52€	
	150.000,00€	8.470,00€
TOTAL	158.470,00€	

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Diócese de Mondoñedo-Ferrol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica” na anualidade 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade á Diócese de Mondoñedo-Ferrol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica”, na anualidade 2021.

En relación ao asunto de referencia (EXP.2021/OSB_01/000013), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:



Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de setembro 2021 adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 50.000,00 €, a favor da entidade Diócese de Mondoñedo- Ferrol, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica”, subvención incluída na Liña 1.1- Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobado o gasto de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor da entidade Diócese de Mondoñedo- Ferrol, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica”.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade á Diócese de Mondoñedo- Ferrol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica”, na anualidade 2021, formalizouse o 24 de setembro de 2021.

Terceiro.- O representante da Diócese de Mondoñedo-Ferrol remitiu, o 12 de novembro de 2021 (2021RT017415) á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, escrito no que literalmente se expón e solicita o seguinte:

“Expón:

1º) Que o 24 de setembro de 2021 foi asinado un convenio entre este Bispo e a Deputación de Lugo canalizador da subvención directa excepcional 09-2021, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica” na anualidade 2021.

2º) Que as actuacións financiadas con cargo a esta subvención son:

Lousado da cuberta da capela de San Vitorio en Damil (Begonte).

Renovación de cubertas nos porches da igrexa de Santa María de Magazos (Viveiro).

Renovación de cubrición na igrexa parroquial de San Miguel de Saldanxe (A Pastoriza).

3º) Que a primeira das actuacións enumeradas xa está finalizada; e a segunda está en execución.

4º) Que vai resultar imposible executar a terceira das obras, por non ter atopado empresa que a realice, debido sobre todo á imposibilidade que se está a dar de atopar lousa no mercado, o que desaconsella que neste tempo se descubra a igrexa sen garantías de podela volver cubrir debidamente.

Por todo iso,

Solicita.

De acordo co previsto na cláusula décimo cuarta do convenio, a prórroga dos prazos de execución e xustificación da subvención, ata o 31 de agosto de 2022 e o 30 de setembro de 2022 respectivamente.

Agardando ver atendida esta petición, asínaa dixitalmente en Ferrol a 12 de novembro de 2021.”

Polo se pretende é a modificación da cláusula sétima do amentado convenio de referencia.

Consideracións xurídico- administrativas:

Primeira.- Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade á Diocese de Mondoñedo- Ferrol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica”, na anualidade 2021, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2021, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.



O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade á Diocese de Mondoñedo- Ferrol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica”, na anualidade 2021, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o convenio inicial que se pretende modificar

Conclusiones.

Tendo en conta que segundo se depende do disposto na cláusula sétima e na cláusula décimo cuarta do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade á Diocese de Mondoñedo- Ferrol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica”, na anualidade 2021 o convenio atópase vixente e cabe a súa modificación mediante a subscrición dunha addenda, e que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e acadar a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o acordo de modificar a cláusula sétima do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade á Diocese de Mondoñedo- Ferrol, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica”, na anualidade 2021 que quedaría redactada no seguinte senso:

“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 30 de setembro de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2021e ata o 31 de agosto de 2022.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionable.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte do beneficiario, da seguinte documentación:

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.



Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á subvención. Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Anexo III. Declaración conxunta.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que, a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.

Dúas fotografías do investimento realizado.

No caso de non tramitarse o anticipo contemplado neste convenio, a Entidade beneficiaria deberá achegar a documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.

Anexo IV. Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia

administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que:

Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán aboarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. (para xustificar o pago de facturas aboadas ata o 10 de xullo de 2021 inclusive).

Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira (para xustificar o pago de facturas a partires do 11 de xullo de 2021 inclusive).

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.



No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

Antes de aprobarse a conta xustificativa, a administración concedente efectuará a comprobación “*in situ*” do investimento realizado, debendo incorporarse acta favorable sobre o mesmo.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións.”.

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda, permanecerán invariables.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócese de Mondoñedo- Ferrol, co obxecto de

colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación do patrimonio histórico artístico de titularidade eclesiástica”, na anualidade 2021, formalizado o 24 de setembro de 2021, nos termos da addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa” nas anualidades 2021 e 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa” nas anualidades 2021 e 2022.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2021/PES_03/026075) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:



Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional plurianual, por importe de 96.000,00 €, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, nas anualidades 2021 e 2022, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Anualidade 2021: 67.500,00 €.

Anualidade 2022: 28.500,00 €.

Aprobar o gasto plurianual de 96.000,00 €, que se desagrega en 67.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, e para a anualidade 2022 28.500,00 €.

A Deputación Provincial adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de, incluír no Orzamento da anualidade 2022 a cantidade de 28.500,00 €, para facer fronte ás obrigas económicas da anualidade 2022.

Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, nas anualidades 2021 e 2022, formalizouse o 23 de novembro de 2021.

Terceiro.- O representante da Fundación Xosé Soto de Fión remitiu, o 21 de decembro de 2021 (2021RT018795) escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“A Fundación Xosé Soto de Fión é beneficiaria dunha subvención directa de carácter excepcional, plurianual concedida pola Excm. Deputación de Lugo para levar a cabo a actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa” para o ano 2021- 2022. Debido ó mal

tempo non é posible rematar as obras na data prevista polo que se solicita unha prórroga (para a realización das obras correspondentes ao ano 2021) ata o 31 de maio de 2022, data de finalización da primeira fase, e a prórroga de xustificación da mesma ata o 30 de xuño de 2022.”

Polo que o que se pretende é a modificación da cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do citado convenio de referencia.

Consideracións xurídico- administrativas:

Primeira.- Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, nas anualidades 2021 e 2022, formalizado o 23 de novembro de 2021, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2021, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2024, debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2021 na data límite do 31 de decembro de 2022, e da anualidade 2022 na data límite do 31 de decembro de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva”.

Segunda.-En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á



entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, nas anualidades 2021 e 2022 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Conclusiones:

Primeira: Segundo o disposto na cláusula decimo cuarta do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, nas anualidades 2021 e 2022 o convenio atópase vixente e cabe a súa modificación mediante a subscripción dunha addenda.

Segunda: Tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e acadar a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o acordo de modificar a cláusula sétima do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, nas anualidades 2021 e 2022 que quedaría redactada no seguinte senso:

“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 30 de xuño de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2021, e o día 31 de marzo de 2023, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen:

Dentro do ano 2021 e ata o 31 de maio de 2022 (para os gastos imputables á anualidade do 2021).

Do 1 de xuño de 2022 ao 31 de decembro de 2022 (para os gastos imputables á anualidade do 2022).

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionable.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte do beneficiario, da seguinte documentación:



Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á subvención. Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Anexo III. Declaración conxunta.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que, a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.

Dúas fotografías do investimento realizado.

No caso de non tramitarse o anticipo contemplado neste convenio, a Entidade beneficiaria deberá achegar a documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.

Anexo IV. Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que:

Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán aboarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira (para xustificar o pago de facturas aboadas ata o 10 de xullo de 2021 inclusive).

Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira (para xustificar o pago de facturas a partires do 11 de xullo de 2021 inclusive).

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).



Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da LXS deberá ter solicitados, o beneficiario.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

Antes de aprobarse a conta xustificativa, a administración concedente efectuará a comprobación “*in situ*” do investimento realizado, debendo incorporarse acta favorable sobre o mesmo.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións”.

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda, permanecerán invariables.”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto recreación dunha unidade de vivenda castrexa”, nas anualidades 2021 e 2022, formalizado o 23 de novembro de 2021, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Convenio da subvención excepcional a outorgar pola Excma. Deputación Provincial de Lugo a Perfeccionamiento y Técnicas de Conducción S.L. co obxecto de colaborar na actividade: “X volante Deputación de Lugo”, ano 2021.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Perfeccionamiento y Técnicas de Conducción S.L. para sufragar os gastos derivados da actividade: “X Volante Deputación de Lugo”, durante a anualidade 2021, polo importe de 18.210,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio canalizador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non



atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2021 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1c que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020 – 2022, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 2 de abril de 2020.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 18.210,00 €, a favor da entidade Perfeccionamiento y Técnicas de Conducción S.L. para sufragar gastos derivados da actuación “ X Volante Deputación de Lugo”, subvención incluída na liña 12.1c que leva por título “Deportes” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 18.210,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor da entidade

Perfeccionamiento y Técnicas de Conducción S.L., para sufragar gastos derivados da actuación “X Volante Deputación de Lugo”.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Convenio da subvención excepcional a outorgar pola Excma. Deputación Provincial de Lugo a Luis Vilariño García co obxecto de colaborar na actividade: “Gastos tempada campionato ERC 2021”, ano 2021.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Luis Vilariño García para sufragar os gastos derivados da actividade: “Gastos tempada Campionato ERC 2021”, durante a anualidade 2021, polo importe de vinte mil euros (20.000,00 €), constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio canalizador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.



Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe da Secretaría e do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2021 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1c que leva por título “Deporte” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020 – 2022, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 2 de abril de 2020.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de vinte mil euros (20.000,00 €), a favor de Luis Vilariño García para sufragar gastos derivados da actuación “Gastos tempada Campionato ERC 2021”, subvención incluída na liña 12.1c que leva por título “Deportes” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de vinte mil euros (20.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor de Luis Vilariño García, para sufragar gastos derivados da actuación “Gastos tempada Campionato ERC 2021”.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais. anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia (EXP 2021/XEN_01/004774) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro: Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural e que todos os concellos de Galicia, están declarados de alto ou medio risco de incendio.

Os GES complementan a atención das emerxencias e extinción e prevención de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e comarcais, de forma que cobren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal.

Segundo: A Deputación Provincial de Lugo, veu colaborando dende o no 2013 coa Xunta de Galicia, a FEGAMP, as Deputacións Provinciais de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e diversos Concellos da Provincia de Lugo no financiamento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia.



Terceiro: O convenio de colaboración que abarca as anualidades 2019 a 2021, formalizado o 28 de decembro de 2019, expira a súa vixencia o 31 de decembro de 2021, polo que remitiuse, por parte da Xunta de Galicia o borrador do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, A Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para a anualidade do 2022, aos que se deben adherir os Concellos sedes.

Fundamentos xurídico- administrativos.

Lexislación de réxime local.

Primeiro.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segundo.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou

parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarto.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL



(reformado pola LRSAL), declarando que as competencias das entidades locais poden establecerse pola lexislación básica de réxime local, pola normativa autonómica sobre réxime local e tamén polas normas sectoriais tanto estatais como autonómicas; entre estas últimas claramente a Lexislación de emerxencias de Galicia.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeiro: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán” Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segundo.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.



Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”.

Quinto.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexto: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro

do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeiro. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segundo. Pola súa banda, o artigo 25.2,f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local dispón que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de “policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios”.

E segundo o seu artigo 26.1 e), nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes (deberán prestar) ademais: protección civil (...), prevención e extinción de incendios (...)



O artigo 80.2, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, dispón que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

A seguridade en lugares públicos, b) A ordenación de tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, e) A protección civil e a prevención e extinción de incendios.

A lexislación sectorial, nomeadamente a Lei de emerxencias de Galicia (lei 5/2007, de 7 de maio) no seu artigo 10, letra e), dispón que corresponde aos municipios e entidades locais supralocais, no seu caso, a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do artigo 333.1 da Lei de Administración Local de Galicia (sobre dotación de recursos financeiros aos Concellos para o cumprimento dos fins confiados).

En relación coas provincias, o artigo 26, apartado e) da sinalada Lei Galega de Emerxencias, sinala que corresponden aos seus órganos de goberno garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e salvamento, naqueles concellos que non contan con servizos propios, por non resultar obrigados ou ter obtido dispensa dos mesmos.

En canto aos concellos, no artigo 27 da Lei de emerxencias, establécese que sen prexuízo da competencia xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias que o artigo 10, atribúe a todos os municipios, corresponden aos concellos de máis de 20.000 habitantes, entre outras, crear o servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias, e crear os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento.

En todo caso e consonte ao parágrafo 2º dese artigo 27 da Lei de emerxencias de Galicia “A persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de protección civil e xestión de emerxencias”.

No convenio analizado e para a Provincia de Lugo, os Concellos non acadan a cifra de 20.000 habitantes, pero teñen obrigas en protección civil e xestión de emerxencias, de aí o carácter supramunicipal dos GES e o deseño desta acción colaborativa.

Terceiro. Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

Cuarto. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinto. Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexto. Respecto da tramitación, especialmente dende a perspectiva económica, precisar que se vai tramitar como expediente de gasto anticipado, posto que a súa execución comeza no ano 2022.



O orzamento da anualidade 2022 foi aprobado definitivamente por acordo plenario do 28 de decembro de 2021, e no mesmo consta a exista de crédito, por importe de 560.000,00 €, na aplicación orzamentaria 1361.46200 para facer fronte aos gastos derivados desta axuda.

Sétimo. O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Oitavo. Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para a anualidade do 2022, e os seus anexos por importe total de 3.427.903,26 €, que se desglosa do seguinte xeito:

Zona	Sede/Subsede	Com p	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresidencia DXEI	Vicepresidencia DXAL	CM Rural (fondos propios)
Santaído-Noia-A Barcala	Brión	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Curtis	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Ferrol-Eume	Mugardos	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Muros, Xallas e Noia	Muros	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Ortegale Ferrol	Ortigueira	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
O Sare Caldas	Padrón	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Bergantiños	Ponteceso	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Os Ancares-Lugo-Sarria	Por definir	12						
A Mariña Central e Occidental	Cervo	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Folgoso)	Folgoso do Caurel	6	136.370,96 €	56.000,00 €	10.500,00 €		7.875,00 €	61.995,96€
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Quiroga)	Quiroga	6	136.370,96 €	56.000,00 €	10.500,00 €		7.875,00 €	61.995,96€
A Fonsagrada-Meira	Por definir	12						
Terra cha-Lugo	Friol	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
A Ulloa-Lugo-Chantada	Monterroso	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
A Mariña Central e Oriental	Pontenova, A	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Servizo municipal Noia	Noia	12	155.000,00€	62.000,00 €	11.625,00€	16.500,00 €	64.875,00 €	
Total			3.427.903,26 €	1.406.000,00€	263.625,00€	16.500,00 €	253.875,00€	1.487.903,26€

Aprobar o gasto por importe de 560.000,00 € como gasto anticipado con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2022 aprobado definitivamente por acordo plenario do 28 de decembro de 2021, para financiar os gastos (correntes e persoal) en materia de emerxencias e extinción de incendios derivados do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para a anualidade do 2022.

Determinar que a axuda a satisfacer pola Deputación se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes, dado que no borrador do convenio remitido non constan os importes que cada concello ten que destinar especificamente a gastos de persoal e a gastos correntes.

A documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida pola Deputación concretarase por Resolución de Presidencia, que será notificada aos Concellos Sede.”

Por todo o exposto no devandito informe e tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para a anualidade do 2022, e os seus anexos por importe total de 3.427.903,26 €, que se desglosa do seguinte xeito:

Zona	Sede/Subsede	Com p	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresidencia DXEI	Vicepresidencia DXAL	CM Rural (fondos propios)
Santaído-Noia-A Barcala	Brión	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Curtis	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Ferrol-Eume	Mugardos	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Muros, Xallas e Noia	Muros	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Ortegale Ferrol	Ortigueira	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
O Sare Caldas	Padrón	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Bergantiños	Ponteceso	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€



Zona	Sede/Subsede	Com p	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresidencia DXEI	Vicepresidencia DXAL	CM Rural (fondos propios)
Os Ancares-Lugo-Sarria	Por definir	12						
A Mariña Central e Occidental	Cervo	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Folgoso)	Folgoso do Caurel	6	136.370,96 €	56.000,00 €	10.500,00 €		7.875,00 €	61.995,96€
Quiroga-Terra de Lemos (Subzona Quiroga)	Quiroga	6	136.370,96 €	56.000,00 €	10.500,00 €		7.875,00 €	61.995,96€
A Fonsagrada-Meira	Por definir	12						
Terra cha-Lugo	Friol	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
A Ulloa-Lugo-Chantada	Monterroso	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
A Mariña Central e Oriental	Pontenova, A	12	272.741,94 €	112.000,00 €	21.000,00 €		15.750,00 €	123.991,94€
Servizo municipal Noia	Noia	12	155.000,00€	62.000,00 €	11.625,00€	16.500,00 €	64.875,00 €	
Total			3.427.903,26 €	1.406.000,00€	263.625,00€	16.500,00 €	253.875,00€	1.487.903,26€

2º.- Aprobar o gasto por importe de 560.000,00 € como gasto anticipado con cargo á aplicación orzamentaria 1361.46200 do orzamento do ano 2022 aprobado definitivamente por acordo plenario do 28 de decembro de 2021, para financiar os gastos (correntes e persoal) en materia de emerxencias e extinción de incendios derivados do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para a anualidade do 2022.

3º.- Determinar que a axuda a satisfacer pola Deputación se destine indistintamente a gastos de persoal e gastos correntes, dado que no borrador do convenio remitido non constan os importes que cada concello ten que destinar especificamente a gastos de persoal e a gastos correntes.

4º.- A documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida pola Deputación concretarase por Resolución de Presidencia, que será notificada aos Concellos Sede.

5º.- A distribución do financiamento recollida na cláusula oitava do convenio de referencia queda supeditada ao cumprimento do establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DE GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Primeiro.- Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa Gayoso Castro, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato polo importe de 1.633,50 €.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo da Granxa Gayoso Castro, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
3490/C-2021	XENETICA FONTAO, S.A.	2021-02-18	1.633,50 €	10DOSES TOUROS EN PROBA E 100DOSES TOUROS TOP E SEXADAS POR XENETICA FONTAO S.A (Suministro material xenético (seme de bovino) na Granxa Provincial Gayoso Castro) 2021/FAC_01/004006	Subministrados	Febreiro 2021
TOTAL	1.633,50 euros					

Total 1.633,50 €.

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo da Granxa Gayoso Castro manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se corresponden con gastos estritamente necesarios para a execución das prestacións provinciais.

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto/s informe/s de Intervención.



Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 27/12/2021 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 1.633,50 € segundo a base 20.2 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e proponendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 1.633,50 €:

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
3490/C-2021	XENETICA FONTAO, S.A.	2021-02-18	1.633,50 €	100DOSES TOUROS EN PROBA E 100DOSES TOUROS TOP E SEXADAS POR XENETICA FONTAO S.A (Suministro material xenético (seme de bovino) na Granxa Provincial Gayoso Castro) 2021/FAC_01/004006	Subministros	Febreiro 2021
TOTAL			1.633,50 €			

Total 1.633,50 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- Informe- *proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa Gayoso Castro, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato polo importe de 12.980,43 €.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibbles, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo da Granxa Gayoso Castro, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
AF-11515	AFRICOR LUGO	2021-10-01	444,29 €	Cota Control Leiteiro de maio a setembro-2021 2021/FAC_01/003294	Servizos	Maio-xuño-xuño-agosto e setembro de 2021
12FV-13457	ECOAGRO CASTRO, S.L.	2021-10-14	2.075,07 €	Adquisición medicamentos varios para o gando da Granxa Provincial 2021/FAC_01/003385	Suministros	De agosto a outubro de 2021
N.º 8	JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	2021-11-02	935,00 €	Servizos veterinarios clínicos da Granxa Provincial 2021/FAC_01/003416	Servizos	De maio a outubro de 2021
324	MANTENIMIENTOS TECNICOS LUCENSES, SL	2021-11-18	6.432,87€	Mantemento e reparación robot muxido GranxaExperimental (Xaneiro-Agosto 2021) 2021/FAC_01/003615	Servizos	Do 1 xaneiro ao 31 de agosto 2021
1145/C-2021	XENETICA FONTAO, S.A.	2021-02-18	1.663,20 €	10 DOSES TOUROS EN PROBA E 140 DOSES DE TOUROS TOP XENETICA FONTAO 2021/FAC_01/003702	Subministrados	Febrero 2021
2969 / C - 2021	XENETICA FONTAO, S.A.	2021-02-18	1.430,00 €	50 DOSES TOUROS SEXADOS XENETICA FONTAO S.A. 2021/FAC_01/003703	Subministrados	Febrero 2021
TOTAL			12.980,43€			

Total 12.980,43 €.

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo da Granxa Gayoso Castro manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se corresponden con gastos estritamente necesarios para a execución das prestacións provinciais.

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto/s informe/s de Intervención.

Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 17/12/2021 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 12.980,43 € segundo a base 20.2 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propoñendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 12.980,43 €:



Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
AF-11515	AFRICOR LUGO	2021-10-01	444,29 €	Cota Control Leiteiro de maio a setembro-2021 2021/FAC_01/003294	Servizos	Maio-xuño-xuño-agosto e setembro de 2021
12FV-13457	ECOAGRO CASTRO, S.L.	2021-10-14	2.075,07 €	Adquisición medicamentos varios para o gando da Granxa Provincial 2021/FAC_01/003385	Suministros	De agosto a outubro de 2021
N.º 8	JESÚS MUÍNELO GONZÁLEZ	2021-11-02	935,00 €	Servizos veterinarios clínicos da Granxa Provincial 2021/FAC_01/003416	Servizos	De maio a outubro de 2021
324	MANTENIMIENTOS TECNICOS LUCENSES, SL	2021-11-18	6.432,87€	Mantenimento e reparación robot muxido Granxa Experimental (Xaneiro-Agosto 2021) 2021/FAC_01/003615	Servizos	Do 1 xaneiro ao 31 de agosto 2021
1145/C-2021	XENETICA FONTAO, S.A.	2021-02-18	1.663,20 €	10 DOSES TOUROS EN PROBA E 140 DOSES DE TOUROS TOP XENETICA FONTAO 2021/FAC_01/003702	Subministrados	Febrero 2021
2969 / C - 2021	XENETICA FONTAO, S.A.	2021-02-18	1.430,00 €	50 DOSES TOUROS SEXADOS XENETICA FONTAO S.A. 2021/FAC_01/003703	Subministrados	Febrero 2021
TOTAL			12.980,43€			

Total 12.980,43 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato polo importe de 3.854,49 euros.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
IGNACIO DOCANDO TEJEIRO	21/02750	30/10/21	3.854,49 €	Subm.pneumaticos para vehículos e maquinaria do P.Móbil. 2021/FAC-01/003430	SUBM.	outubro 2021	9201.22111 92021/10181
TOTAL	3.854,49 €						

Total 3.854,49 €.

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto/s informe/s de Intervención.

Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 17/12/2021 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 3.854,49 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propoñendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 3.854,49 €:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
IGNACIO DOCANDO TEIJEIRO	21/02750	30/10/21	3.854,49 €	Subm.pneumaticos para vehículos e maquinaria do P.Móbil. 2021/FAC-01/003430	SUBM.	outubro 2021	9201.22111 92021/10181
TOTAL	3.854,49 €						

Total 3.854,49 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CUARTA MODIFICACIÓN DA LISTAXE DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS AO PROGRAMA BONO IMPULSO- DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO HOSTALARÍA E COMERCIO LOCAL).

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 30 de abril de 2021 aprobase por acordo de Xunta de Goberno as bases e convocatoria do Programa Bono Impulso- Deputación de Lugo.

Considerando que en sesión ordinaria do 04.06.2021 aprobouse por acordo de Xunta de Goberno, a relación de establecementos adheridos e excluídos do programa Bono Impulso.

Considerando que na revisión por parte desta Sección dos expedientes das entidades adheridas ao programa (aprobadas na Xunta de Goberno do 04.06.2021) observase que debido a erros na transcripción da solicitude:

1.- É preciso modificar o NIF dos seguintes beneficiarios, polo que:

Onde dí:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
LA FLOR ABULENSE II CB	E27263276	AVDA. ALVARO CUNQUEIRO 4	FOZ
MARCO ANTONIO MOURELO GONZÁLEZ	***2144**	PASEO MALECÓN 3	SARRIA

Debe dicir:

RAZÓN SOCIAL	NIF	SOCIO	NIF	PARTICIPACIÓN	ENDEREZO	POBOACIÓN
LA FLOR ABULENSE II CB	E27139450	CRISPIN DIAZ ROLLAN	***4020**	50%	Alvaro Cunqueiro, 4	FOZ
		MARIA TERESA DIAZ ROLLAN	***5240**	50%		

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
MARCO ANTONIO MOURELO GONZÁLEZ	***7943**	PASEO MALECÓN 3	SARRIA

Considerando que a empresaria Vanesa Díaz González, con DNI ***6373**, presentou unha solicitude a nome propio cando en realidade debía facelo a nome da comunidade de bens da que é socia, Ozono CB con NIF E27415231, sendo preciso modificar a listaxe do seguinte xeito:

Onde dí:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
VANESA DÍAZ GONZÁLEZ	***6376**	RÚA CARDENAL 19	MONFORTE DE LEMOS

Debe dicir:

RAZÓN SOCIAL	NIF	SOCIO	NIF	PARTICIPACIÓN	ENDEREZO	POBOACIÓN
OZONO CB	E27415231	Vanesa Díaz González	***6376**	50%	R/ Cardenal 19	MONFORTE DE LEMOS
		José Luis Parada Parada	***6771**	50%		

O beneficiario José Luis Parada Parada con NIF ***6771** cumpre todos os requisitos para optar a subvención, así mesmo consta no expediente a declaración responsable do solicitante de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario da subvención sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, agás a excepción prevista na base 8 do programa de non atoparse o corrente cas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Recadación da Deputación de Lugo, quedando aprazada a súa comprobación no momento da presentación da conta xustificativa.

Considerando que comunicada a esta Sección, a seguinte incidencia por parte do seguinte interesado:

Óptica AA Vilalba SLU, con NIF B27475862, informa da súa fusión por absorción coa entidade Compostela Vista SLU, con NIF B70450242, pertencente ao mesmo propietario, Esteban Urrutia Alvarado, con DNI ***2978**, que actúa en condición de administrador e socio único de ambas entidades.

O establecemento cumpre todos os requisitos para optar a subvención ata o 31.07.2021, segundo consta no expediente, a declaración responsable do solicitante de non estar incurso nas



prohibicións para obter a condición de beneficiario da subvención sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, agás a excepción prevista na base 8 do programa de non atoparse o corrente cas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Recadación da Deputación de Lugo, quedando aprazada a súa comprobación no momento da presentación da conta xustificativa. É preciso aclarar que a partir de 01.08.2021, a entidade fusionada Compostela Vista SLU non figura con domicilio en Vilalba, segundo os datos do censo de actividades económicas, polo que dende ese momento os bonos non serán xustificables o amparo deste programa.

Por todo o anterior, proponse a Xunta de Goberno:

1º.- Que se aprobe a inclusión na listaxe de beneficiarias a Compostela Vista SLU con NIF B70450242 e domicilio Rúa da Pravia 42-44, Vilalba, por subrogarse nos dereitos e obrigas da entidade absorbida (beneficiaria con anterioridade, Óptica AA Vilalba SLU) dende 1.08.21. Tendo en conta que, só se procederan a aboar os bonos canxeados na mesma ata 31.07.21, por non continuar coa actividade a empresa absorbente en dita localidade tal e como se desprende do censo de actividades económicas incorporado no expediente.

2º.- Que se aprobe a seguinte modificación:

Onde dí:

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
LA FLOR ABULENSE II CB	E27263276	AVDA. ALVARO CUNQUEIRO 4	FOZ
MARCO ANTONIO MOURELO GONZÁLEZ	***2144**	PASEO MALECÓN 3	SARRIA
VANESA DÍAZ GONZÁLEZ	***6376**	RÚA CARDENAL 19	MONFORTE DE LEMOS

Debe dicir:

RAZÓN SOCIAL	NIF	SOCIO	NIF	PARTICIPACIÓN	ENDEREZO	POBOACIÓN
LA FLOR ABULENSE II CB	E27139450	CRISPIN DIAZ ROLLAN	***4020**	50%	Alvaro Cunqueiro, 4	FOZ
		MARIA TERESA DIAZ ROLLAN	***5240**	50%		

RAZÓN SOCIAL/NOME COMERCIAL	NIF	ENDEREZO	POBOACIÓN
MARCO ANTONIO MOURELO GONZÁLEZ	***7943**	PASEO MALECÓN 3	SARRIA

RAZÓN SOCIAL	NIF	SOCIO	NIF	PARTICIPACIÓN	ENDEREZO	POBOACIÓN
OZONO CB	E27415231	Vanesa Díaz González	***6376**	50%	R/ Cardenal 19	MONFORTE DE LEMOS
		José Luis Parada Parada	***6771**	50%		

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, SOBRE A CUANTIFICACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES ÓS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS AO PROGRAMA BONO IMPULSO- DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO PARA A HOSTALARÍA E COMERCIO LOCAL) PENDENTES DE TRAMITACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Con data 30 de abril de 2021 aprobouse por acordo de Xunta de Goberno as bases e convocatoria do Programa Bono Impulso- Deputación de Lugo.

Considerando que en sesión ordinaria do 04.06.2021 aprobouse por acordo de Xunta de Goberno, a relación de establecementos adheridos e excluídos do programa Bono Impulso.

A vista de conseguir o efecto desexado co Programa Bono Impulso, nas pemes da provincia, fomentar o consumo, decidiuse ampliar o prazo para proceder o gasto do bono consumo ata o 15 de setembro de 2021 (aprobado por resolución de presidencia 19.07.21, ratificado por Xunta de Goberno de 23.07.21), por coincidir durante o período estival.

Tendo en conta a modificación detallada no punto anterior converteuse nunha grande vantaxe para o consumidor pero supuxo variar as datas para a entrega das contas xustificativas ata o 22 de outubro de 2021 (aprobado en Xunta de Goberno de 15.10.21), para que os establecementos tiveran tempo a preparar as contas xustificativas.



Considerando que estas modificacións acortaron o prazo para a tramitación administrativa por parte dos distintos servizos (órgano xestor, intervención, actas, tesoureira) que interveñen na tramitación e pago das contas xustificativas ós establecementos beneficiarios e existen contas xustificativas presentadas e pendentes de tramitar polo que en aras a manter a dotación orzamentaria de 2021 e poder incorporala o próximo exercicio, requírese a cuantificación máxima da concesión da subvención, sen prexuízo da cantidade resultante da conta xustificativa, por esta razón proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a cuantificación de concesión de subvencións ós establecementos adheridos o Programa Bono Impulso, segundo acordo de Xunta de Goberno de 04.06.2021, polos importes máximos que figuran na listaxe anexo I, e que están pendentes de tramitar as contas xustificativas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (ANUALIDADE 2022).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que no expediente de referencia figura a seguinte documentación:

Acordo da Xunta de Goberno de 14 de maio de 2021 polo que se aproba o programa Coñece a túa Provincia para executar durante os anos 2021-2022, sendo prorrogable por outro ano máis e por un importe de 340.056,58 € dividido en 106.332,32 € para a anualidade 2021 e 233.724,26 € para a anualidade 2022, para sufragar os gastos derivados da súa execución (2021/XEN_01/000771).

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xuño de 2021 polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do programa Coñece a túa Provincia para a anualidade 2021, así como

a exención do prezo público por actividades de promoción turística organizadas pola Deputación Provincial no marco do citado Programa (de acordo co disposto no artigo 8º da Ordenanza reguladora do prezo público para actividades de promoción turística da Deputación de Lugo, aprobada por acordo plenario de data 25.05.2010).

Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de xullo de 2021 polo que se adxudica o contrato do servizo de realización de excursións dunha xornada de duración pola provincia de Lugo no marco do programa Coñece a túa Provincia á empresa Nautalia Viajes S.L.

Contrato administrativo subscrito en data 30 de agosto de 2021 entre a Deputación de Lugo e empresa Nautalia Viajes S.L., en cuxa cláusula terceira se recolle, textualmente: “A duración do contrato comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP, ata o 31 de decembro do 2022, con posibilidade de prórroga ata o 31 de decembro de 2023”.

Informe do Servizo de Turismo no que se pon de manifesto a necesidade de aprobar as bases que rexerán a convocatoria do programa Coñece a túa Provincia para a súa execución durante o ano 2022 co fin de dar cumprimento ao acordo de Xunta de Goberno de data 14 de maio de 2021 e ao contrato administrativo subscrito coa empresa adxudicataria.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de Intervención (Contabilidade e Contas).

Tendo en conta canto antecede, a Deputada- Delegada que subcribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º- Aprobar a exención do prezo público por actividades de promoción turística organizadas pola Deputación Provincial no marco do programa Coñece a túa Provincia (de acordo co disposto no artigo 8º da Ordenanza reguladora do prezo público para actividades de promoción turística da Deputación de Lugo, aprobada por acordo plenario de data 25.05.2010).



2º.- Aprobado as bases reguladoras e a convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia para a anualidade 2022.

3º- Aprobado a publicación das bases e da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia para anualidade 2022 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA RELATIVA Á AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO /PROVINCIA DE LUGO. CB BREOGÁN SAD. DISCIPLINA: BALONCESTO. ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto que con data 15/12/2021 en expediente número 2021/PES_03/025687 e número de rexistro 2021RT018628, CB Breogán SAD formula solicitude “unha prorroga para a realización das actividades do contrato asinado ata día 31 de xaneiro do 2022 inclusive.” relativa ao contrato do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. CD Breogán SAD. Disciplina: baloncesto. Anualidade 2021, e no que expón as circunstancias que motivarían a imposibilidade de realizar algunhas prestacións previstas no contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /Provincia de

Lugo. CB Breogán SAD. Disciplina: Baloncesto. Anualidade 2021. 2021/CON_02/0000032, asinado con data 02/08/2021.

Visto o informe do servizo de Deportes no que se informa favorablemente a ampliación do prazo de execución do contrato de patrocinio publicitario deportivo solicitada por entender que permitiría desenvolver a presenza ou vinculación á entidade deportiva do patrocinador, favorecendo a total execución, realización e desenvolvemento do contrato e de todas e cada unha das prestacións contidas no prego de condicións técnicas, na oferta do patrocinado e aquelas dimanantes da fase de negociación.

Visto o informe favorable do servizo de Contratación no que se reflicte que aceptar a solicitude realizada non supón en ningún caso, modificación algunha do importe de adxudicación do contrato de referencia, axústase ao previsto no ordenamento xurídico e cumpre co obxecto, finalidade e propósito da contratación de referencia.

Visto o informe do servizo de Intervención.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo adopte o seguinte acordo:

Resolver favorablemente a solicitude realizada polo CB Breogán SAD en relación á execución das prestacións vinculadas ao obxecto do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /provincia de Lugo. CB Breogán SAD. disciplina: baloncesto. anualidade 2021. 2021/CON_02/0000032, por axustarse ao previsto no ordenamento xurídico e cumprir co obxecto, finalidade e propósito da contratación, de acordo coa solicitude formulada polo patrocinado e ata o 31 de xaneiro de 2022, por entender que permitiría desenvolver a presenza ou vinculación á entidade deportiva do patrocinador e no seu caso, a exposición aos seguidores do equipo no propio espectáculo deportivo (eficacia directa do patrocinio), e á audiencia potencial e ás posteriores retransmisións e noticias sobre o club nos medios de comunicación (eficacia indirecta do patrocinio).



Faise constar expresamente, que a solicitude realizada polo CB Breogán SAD, adxudicataria da contratación de referencia non supón en ningún caso, modificación algunha do importe de adxudicación de dito contrato.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA RELATIVA Á AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO /PROVINCIA DE LUGO. CD LUGO SAD. DISCIPLINA: FÚTBOL. ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto que con data 15/12/2021 en expediente número 2021/PES_03/025728 e número de rexistro 2021RT018644, CD Lugo SAD formula solicitude de “unha prórroga de duración do contrato ata o día 31 de xaneiro do 2022.” relativa ao contrato do patrocinio publicitario deportivo de equipos(sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. CD Lugo SAD. Disciplina: fútbol. Anualidade2021, e no que expón as circunstancias que motivarían a imposibilidade de realizar algunhas prestacións previstas no contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca de Lugo co deporte oucalquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/Provincia de Lugo. CD Lugo SAD. Disciplina: Fútbol. Anualidade2021. 2021/CON_02/0000031, asinado con data 29/07/2021.

Visto o informe do servizo de Deportes no que se informa favorablemente a ampliación do prazo de execución do contrato de patrocinio publicitario deportivo solicitada por entender que

permitiría desenvolver a presenza ou vinculación á entidade deportiva do patrocinador, favorecendo a total execución, realización e desenvolvemento do contrato e de todas e cada unha das prestacións contidas no prego de condicións técnicas, na oferta do patrocinado e aquelas dimanantes da fase de negociación.

Visto o informe favorable do servizo de Contratación no que se reflicte que aceptar a solicitude realizada non supón en ningún caso, modificación algunha do importe de adxudicación do contrato de referencia, axústase ao previsto no ordenamento xurídico e cumpre co obxecto, finalidade e propósito da contratación de referencia.

Visto o informe do servizo de Intervención.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo adopte o seguinte acordo:

Resolver favorablemente a solicitude realizada polo CD Lugo SAD en relación á execución das prestacións vinculadas ao obxecto do contrato de patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. CD Lugo SAD. disciplina: fútbol. anualidade 2021. 2021/CON_02/000031, por axustarse ao previsto no ordenamento xurídico e cumprir co obxecto, finalidade e propósito da contratación, de acordo coa solicitude formulada polo patrocinado e ata o 31 de xaneiro de 2022, por entender que permitiría desenvolver a presenza ou vinculación á entidade deportiva do patrocinador e no seu caso, a exposición aos seguidores do equipo no propio espectáculo deportivo (eficacia directa do patrocinio), e á audiencia potencial e ás posteriores retransmisións e noticias sobre o club nos medios de comunicación (eficacia indirecta do patrocinio).

Faise constar expresamente, que a solicitude realizada polo CD Lugo SAD, adxudicataria da contratación de referencia non supón en ningún caso, modificación algunha do importe de adxudicación de dito contrato.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



14.- ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN CON EXPEDIENTES DE CARÁCTER XERAL.

Non se achegan expedientes de carácter xeral.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.